

*Resolución do 11 de marzo de 2005, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se abre prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de diversas listas reguladas polo Decreto 217/2003, do 11 de abril, polo que se regula o nomeamento do persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, correspondentes aos corpos superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A) escala superior de finanzas e de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B) escala técnica de finanzas.*

De conformidade co Decreto 217/2003, do 11 de abril (DOG nº 75, do 16 de abril) polo que se establece o sistema de cobertura temporal dos postos de traballo vacantes da Administración a través dun sistema de lista única permanentemente aberta, co informe previo da comisión de persoal, esta dirección xeral acorda realizar a convocatoria para a elaboración das devanditas listas, de conformidade coas seguintes

Bases:

Base 1ª.-Obxecto.

O obxecto desta convocatoria é a elaboración de listas con aquelas persoas interesadas na cobertura, con carácter temporal, mediante o nomeamento de persoal interino, de postos de traballo dos corpos superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A) escala superior de finanzas e de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B) escala técnica de finanzas. A devandita cobertura considérase de urxente necesidade mentres non sexan ocupados de forma regulamentaria.

As listas correspondentes ás escalas obxecto desta convocatoria e que foron elaboradas de acordo cos decretos 89/1997, do 10 de abril, e 70/2000, do 31 de marzo, continuarán en vigor ata a publicación das novas listas definitivas resultantes desta convocatoria.

Base 2ª.-Listas.

Confecionaranse listas para os corpos e escalas que a continuación se sinalan:

-Corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A):

-Escala superior de finanzas.

-Corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B):

-Escala técnica de finanzas.

O ámbito territorial será o autonómico para as listas anteriormente mencionadas.

Incluíranse nestas listas os solicitantes que reúnan as condicións para poder inscribirse nelas de acordo co establecido no artigo 8.1º do Decreto 217/2003,

do 11 de abril, e a orde de prelación dos solicitantes virá dada pola puntuación obtida de acordo co baremo ao que se refire o artigo 8.2º do mencionado decreto.

Base 3ª.-Solicitudes.

3.1. As solicitudes que presenten os interesados para a súa inclusión na correspondente lista dirixíranse á directora xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e axustaranse ao modelo que se publica como anexo I desta convocatoria.

3.2. O prazo para a presentación das solicitudes será de 20 días contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e poderanse presentar no rexistro xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, nas súas delegacións provinciais, nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia, así como nos lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3.3. Desde o día seguinte ao da publicación no DOG do anuncio de exposición das listas definitivas desta convocatoria, quedará permanentemente aberto o prazo para a presentación de novas solicitudes segundo o establecido nos artigos 3 e 8.4º do Decreto 217/2003, do 11 de abril.

Base 4ª.-Requisitos e méritos.

4.1. Neste ano, os solicitantes deberán reunir os requisitos de titulación e méritos que se sinalan nesta resolución, que deberán posuírse o día da publicación no DOG desta convocatoria. As solicitudes presentadas nos próximos anos, deberán reunir os requisitos de titulación e méritos referidos ao día 31 de decembro do ano inmediatamente anterior á dita solicitude.

Grupo A. Corpo superior de Administración da Xunta de Galicia:

-Escala superior de finanzas. Titulación: licenciado, arquitecto, enxeñeiro superior ou equivalente.

Grupo B. Corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia:

-Escala técnica de finanzas. Titulación: enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado universitario ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

4.2. Igualmente, os solicitantes deberán posuír para os grupos A e B o diploma ou certificado que acredite o grao de perfeccionamento do idioma galego. Só se lles concederá validez aos cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

4.3. Así mesmo, terán que acreditar no momento en que acepten o posto de traballo que se lles oferte:

-Ser español, ou nacional dun estado membro da Unión Europea, ou nacional daqueles estados en que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderá participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais de países membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores desta idade, que vivan ás súas expensas.

Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se preveña nos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España.

-Ter cumpridos os 18 anos e non ter acadada a idade de xubilación.

-Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

-Non estar separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

No suposto de que non acrediten estes requisitos os solicitantes decaerán en todos os seus dereitos e quedarán excluídos da lista.

Base 5ª.-Documentación.

Xunto coa solicitude deberá presentarse fotocopia do DNI e copia cotexada do título académico requirido nesta convocatoria e o xustificante de ter aboada a taxa por dereitos de inscrición segundo o anexo III. Estarán exentos do pagamento da taxa por dereitos de inscrición, os que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, circunstancia que deberá ser acreditada documentalente xunto coa instancia.

Para facer efectivo o ingreso da taxa deberá cubrirse o anexo III. Os modelos correspondentes a este anexo facilitaranse nas dependencias da Administración da Xunta de Galicia debendo cubrirse cos códigos que figuran nel. En relación ás solicitudes rexeitadas definitivamente, os interesados poderán solicitar, de ser o caso, a devolución de taxas.

O diploma ou certificado polo que se acredite o grao de coñecemento do idioma galego, poderase presentar xunto coa solicitude ou no momento do chamamento, segundo o establecido no artigo 8.1º do Decreto 217/2003.

Os méritos que invoquen os interesados e que, de acordo co baremo previsto no artigo 8.2º do mencionado decreto desexen que se lles teñan en conta, así como o cumprimento dos requisitos exixidos para o corpo e escala que se solicita, acreditaranse debidamente mediante documentos orixinais ou fotocopias destes que se presentarán cotexadas fidedig-

amente, debendo numerarse de acordo co modelo do anexo II, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estivesen suficientemente acreditados.

Todas as copias cotexadas que se presenten deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 772/1999, do 7 de maio, segundo o cal o selo ou acreditación das compulsas expresará a data en que se practicou, así como a identificación do órgano e da persoa que expiden a copia compulsada.

Os méritos aos que se refire a alínea c) do artigo 8.2º do referido decreto, servizos prestados na Xunta de Galicia ou noutras administracións públicas no mesmo corpo e escala, acreditaranse mediante certificación xustificativa que deberá ser emitida polos órganos de xestión de persoal competentes.

No suposto de alegar méritos pola alínea a) do artigo 8.2º (ter superada algunha das probas do último proceso selectivo da Xunta de Galicia), non será necesario que o interesado os xustifique.

Base 6ª.-Elaboración das listas.

6.1. A comisión permanente central de selección para a cobertura temporal de postos de traballo reservados a funcionarios, a que se refire o artigo 4 do Decreto 217/2003, será a encargada de elaborar as listas correspondentes. A petición da comisión permanente, e cando o número de aspirantes así o faga aconsellable, poderá nomear subcomisións colaboradoras, e a súa función será participar na aplicación do baremo aos méritos alegados polos interesados.

6.2. Unha vez elaboradas as listas provisionais e definitivas, a Dirección Xeral da Función Pública publicará no DOG o anuncio da exposición destas nos taboleiros de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, nos das súas delegacións provinciais e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia. Así mesmo, os ditos datos poderán consultarse na páxina oficial da internet da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)).

Base 7ª.-Recursos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde a mesma data perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme o artigo 14.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2004.

Milagros Vázquez Tenorio  
Directora xeral da Función Pública

ANEXO I

SOLICITUDE DE COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS  
CON CARÁCTER TEMPORAL

GRUPO	CORPO/ESCALA	ÁMBITO
		AUTONÓMICO (U000)

DATOS PERSOAIS

DNI	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DATA DE NACEMENTO	PROVINCIA DE NACEMENTO	CONCELLO DE NACEMENTO	
TELÉFONO CON PREFIXO	ENDEREZO, RÚA, PRAZA, NÚMERO		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	NACIONALIDADE

Requisitos:

- a) Grao de coñecemento do idioma galego (cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, (sinalar cun X)

<input type="checkbox"/>	INICIACIÓN
--------------------------	------------

<input type="checkbox"/>	PERFECCIONAMENTO
--------------------------	------------------

b) Titulación requirida na convocatoria

DENOMINACIÓN	ORGANISMO EMISOR	DATA

c) Outras titulacións:

DENOMINACIÓN	ORGANISMO EMISOR	DATA

En ....., de ..... de 200...  
(Sinatura)

DATOS PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN

De conformidade cos requirimentos da convocatoria: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Causa/s <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> Xúntase certificación minusvalidez Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Alega os méritos que especifica no anexo que achega con esta instancia Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Sinatura    Data Día      Mes      Ano <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>
--	--

(Selo do rexistro)

Directora xeral da Función Pública  
 Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública  
 Edificio administrativo San Caetano, 1-2º  
 15771 Santiago de Compostela  
 A Coruña

## ANEXO II

Para os efectos do baremo aplicable para a elaboración das listas para a cobertura de postos con carácter temporal, acredita os méritos que a seguir se especifican e xunta documentación xustificativa destes.

1. Probas superadas no último proceso selectivo da Xunta de Galicia para o grupo, escala, especialidade ou categoría en que solicita a inscrición na lista:

PROCESO SELECTIVO		
GRUPO	CORPO/CATEGORÍA	ANO

## NOTAS

1ª PROBA	2ª PROBA	3ª PROBA	4ª PROBA	5ª PROBA	6ª PROBA

NON DESEXO QUE SE COMPUTEN DE OFICIO AS NOTAS DUN NOVO PROCESO SELECTIVO (sinálese cun X) :

2. Procesos selectivos completos superados e equivalentes doutros organismos (Parlamento de Galicia, organismos autónomos dependentes da Xunta de Galicia, valedor do pobo ou Consello de Contas):

ORGANISMO	PROCESO SELECTIVO	ANO

3. Servizos prestados na Administración na mesma categoría ou corpo/escala

	ANOS	MESES	DÍAS
Xunta de Galicia			
Noutras administracións			

4. Cursos de máis de 20 horas de duración impartidos polas administracións públicas, universidades, Inem, formación continua do AFCA ou formación ocupacional, relacionados coas funcións que se vaian desempeñar:

DENOMINACIÓN	ORGANISMO EMISOR	ANO	HORAS

5. Tempo en situación de desemprego:

ANOS	MESES	DÍAS

6. Familiares a cargo sen rendas:

Nº PERSOAS

Non desexa que se lle computen de oficio os puntos acadados por cada chamamento pola mesma lista, atendido e rematado sen renuncia ao desempeño do posto (sinale cun X)

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_

**Sinatura :**

ANEXO III

	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA 	<b>TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b> Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da CC.AA.  AUTOLIQUIDACIÓN	Modelo <b>A</b> EUROS					
<b>A-</b>								
CÓDIGOS	Consellería de Presidencia, Rel. Instituc. e Admón. Pública	Código:	04					
	Delegación de Servizos Centrais	Código:	13					
	Servizo de Secretaría	Código:	01					
	Taxa: denominación <u>solicitud de cobertura temporal de postos con carácter temporal do corpo</u> ..... escala ..... Código:		300300					
SUXEITO PASIVO	NIF		APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL					
	VÍA PÚBLICA	NÚMERO	ESCAL.	PISO	PORTA	TELÉFONO		
	CONCELLO		PROVINCIA			CÓDIGO POSTAL		
LIQUIDACIÓN	BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPONIBLE OU UNIDADES	TIPO OU TARIFA						
			TOTAL	15,61		€		
..... de ..... de 20..... Sinatura do declarante ou representante legal								
Selo		Data			Número			
<b>IMPORTANTE:</b> o ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.								

## CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

*Resolución do 16 de marzo de 2005, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se clasifican e se suprimen postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.*

Visto o acordo do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Sober (Lugo) adoptado con data do 29 de maio de 2004, así como a documentación xustificativa dos extremos exixidos na normativa de aplicación e alegacións formuladas, relativos á modificación da clasificación do posto de secretaria, actualmente de clase segunda, en secretaria de clase terceira, correspondente á subescala de secretaria-intervención.

Esta Dirección Xeral de Administración Local, de conformidade co establecido no artigo 241 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, co artigo 159.1º do Real decreto 781/1986, do 18 de abril, e nos artigos 2 e 9 do Real decreto legislativo 1732/1994, do 29 de xullo, modificado polo Real decreto 834/2003, do 27 de xuño, e no uso das facultades que lle confire o artigo 13 bis da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e na Orde do 12 de febreiro de 2003 sobre delegación de competencias, modificada pola Orde do 31 de outubro de 2003,

### RESOLVE:

Primeiro.-Modificar a clasificación do posto de secretaria do Concello de Sober (Lugo), quedando clasificado en clase terceira, reservándose a funcionarios/as pertencentes á subescala de secretaria-intervención.

Segundo.-Suprimir o posto de intervención do devandito concello.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Dirección Xeral de Administración Local, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnalala directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo determina o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2004.

P.D. (Orde 12-2-2003  
modific. pola Orde 31-10-2003)  
Alfonso Rueda de Valenzuela  
Director xeral de Administración local

## UNIVERSIDADE DE VIGO

*Resolución do 3 de marzo de 2005 pola que se nomea a Rebeca Pilar Díaz Redondo e a Ana Fernández Vilas, profesoras titulares de universidade.*

De conformidade coa proposta elevada pola comisión nomeada para vulgar o concurso de acceso convocado por resolución desta universidade do 29 de outubro de 2004 (BOE do 19 de novembro) e presentada polas concursantes propostas a documentación á que fai referencia a base 7ª da convocatoria,

Esta reitoría, en uso das atribucións conferidas polo artigo 65 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades e demais disposicións concordantes, resolveu nomear a Rebeca Pilar Díaz Redondo, con DNI: 33331268-J e a Ana Fernández Vilas, con DNI: 35307306-Y, profesoras titulares de universidade da Universidade de Vigo, da área de coñecemento de enxeñaría telemática, adscrita ao departamento de Enxeñaría Telemática desta universidade.

Este nomeamento terá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polas interesadas que deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Vigo, 3 de marzo de 2005.

Domingo Docampo Amoedo  
Reitor da Universidade de Vigo

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

*Resolución do 9 de marzo de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se fan públicas as adxudicacións definitivas de varios contratos administrativos.*

O secretario xeral, actuando no nome do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, por delegación de atribucións segundo a Orde do 6 de marzo de 2003, resolveu adxudicar os seguintes traballos:

-Asistencia técnica para o control e vixilancia incluído coordinador de seguridade e saúde da obra: nova estrada conexión N-550 e AC-301 en Padrón. (Clave: N/AC/95.3)

Adxudicatario: *Control e Geología, S.A.* (CYGSA).

Orzamento: 72.415,92 €.